

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 4 DE MARZO DE 2022

Ás 12:15 horas do día 4 de marzo de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 1 de marzo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio dos Servizos Económicos de Dirección
D^a. María Dapena Gómez, xefa da Área de Recursos Humanos e Formación (asiste ao punto 11b)
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste ao punto 11a)
D^a. Begoña Arranz González, xefa de Limpeza por delegación de data 21.02.2022 (asiste aos puntos 2 e 4)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular (7.645-252)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:12	Páxina 1 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AH4H44-C62H3F-C34624-JHXTT6-XY8JY9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.
2. UTE S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, S.A. DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN GESECO Y ESPINA OBRAS HIDRAULICAS, S.A.U. (porcentaxe de participación na UTE ao 33,33%-33,34%-33,33% respectivamente)

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular (7.645-252)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento técnico legal dos procesos de tratamento e desinfección en materia de lexionela nas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (4.111-611)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento técnico legal dos procesos de tratamento e desinfección en materia de lexionela nas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (4.111-611)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 16 de decembro de 2021 a Xunta de Goberno local,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:12	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAH44-C62H3F-C34624-JHXTT6-XY8JY9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



acordou:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado e tramitación por anticipado de gasto DO SERVIZO DE MANTEMENTO TÉCNICO LEGAL DOS PROCESOS DE TRATAMENTO E DESINFECCIÓN EN MATERIA DE LEXIONELA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 27 de outubro do 2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 30 de novembro do 2021.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 149.962,56 euros con iva, sendo o IVE 26.026,56 euros, e co seguinte distribución de anualidades.

DISTRIBUCIÓN EN ANUALIDADES

PERIODO	IMPORTE TOTAL / € CON IVE	APLICAC. ORZAMENTARIA
2022 14/02/2022- 31/12/2022	42,219.59	3420.2279916
2023	49,987.52	3420.2279916
2024	49,987.52	3420.2279916
2025 01/01/2024- 13/02/2025	7,767.93	3420.2279916
	149,962.56	

O contrato financiarase con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias 3420.2279916" Traballos contra a lexiionella desinsectación", e bolsa de vinculación.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 27 de xaneiro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento técnico legal dos procesos de tratamento e desinfección en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:12	Páxina 3 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAH44-C62H3F-C34624-JHXTT6-XY8JY9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

materia de lexionela nas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (4.111-611) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	COSAPLAG, S.L.U.	97,00
2	AGRONERGA, S.L.	92,65
3	SANIASTUR, S.L.	80,56

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COSAPLAG, S.L.U. (B-94.074.861), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia:

1. Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
2. Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
3. Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no citado Anexo IV.
4. Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC”.

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, COSAPLAG, S.L.U., o día 27 de xaneiro de 2022, que presenta a documentación requirida o 31 de xaneiro de 2022, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 3 de febreiro de 2022 acordou conceder un prazo ao licitador para poder emendar a documentación presentada. Dentro do prazo concedido, COSAPLAG, S.L.U. presentou o 7 de febreiro nova documentación.

Esta documentación foi revisada pola Mesa de Contratación na sesión do 11 de febreiro na que se acordou:

1. "Entender retirada a oferta presentada por COSAPLAG, S.L. por non ter cumprimentado adecuadamente o requirimento no prazo sinalado (artigo 150.2 da LCSP) ao non ter acreditado correctamente a documentación acreditativa dos medios persoais aos que se comprometeu adscribir á execución do contrato. Concretamente, na documentación presentada non se pode comprobar que a experiencia que figura nos informes de vida laboral de cada un dos medios se corresponda co desempeño de postos nos que se esixa a capacitación indicada no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP. Unicamente no caso de D^a. Noemí Freire Taboada se achega contrato indefinido como responsable técnica desde decembro de 2019. A maiores, constátase que tres dos medios propostos posúen unha experiencia moi inferior á mínima esixida de 3 anos (D. Francisco Iglesias Lorenzo – 1.047 días, D^a. Claudia Amez Lozano – 403 días e D. Pablo Gil Garrido – 404 días).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:12	Páxina 4 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AH4H44-C62H3F-C34624-JHXTT6-XY8JY9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



2. De conformidade co previsto no artigo 150.2 da LCSP procede requirir a mesma documentación ao licitador seguinte pola orde na que quedaron clasificadas as ofertas, polo que á vista do acordo de clasificación de data 27 de xaneiro de 2022, por unanimidade dos asistentes, acórdase requirir a AGRONERGA, S.L. para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación, ao estar inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Acreditación da constitución garantía definitiva e, no seu caso, complementaria esixida no apartado 9 do Anexo I -FEC-.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.
- Habilitación profesional e medios persoais a adscribir á execución do contrato segundo o esixido no apartado 5G do Anexo I -FEC- e o indicado na súa oferta”.

O referido acordo foi notificado ao licitador clasificado en segundo lugar o 14 de febreiro de 2022 e presentou a documentación o día 21 do mesmo mes.

A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 24 de febreiro de 2022 revisou a documentación e acordou conceder ao licitador un prazo de tres días para poder emendar a documentación acreditativa dos medios persoais a adscribir ao contrato. Este acordo foi notificado o mesmo día. AGRONERGA, S.L. presentou nova documentación o 28 de febreiro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 4 de marzo de 2022 revisou a documentación presentada por AGRONERGA, S.L., sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar AGRONERGA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:12	Páxina 5 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AH4H44-C62H3F-C34624-JHXTT6-XY8JY9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A segunda oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AGRONERGA, S.L., de conformidade cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas a través de fórmula de datas 17 e 24 de xaneiro de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación do 11 de febreiro de 2022 polo que se entendeu retirada a oferta presentada polo primeiro clasificado, COSAPLAG, S.L., por non ter cumprimentado adecuadamente o requirimento no prazo sinalado (artigo 150.2 da LCSP).*
2. *Adxudicar a AGRONERGA, S.L. (B-36.448.652) o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento técnico legal dos procesos de tratamento e desinfección en materia de lexionela nas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (4.111-611) por un prezo total de 111.692,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 19.384,60 euros.*
3. *Incrementa os medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP:*
 - a) *Propón un responsable técnico a maiores do esixido.*
 - b) *Propón 6 aplicadores de tratamentos de biocidas a maiores do mínimo esixido.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de formación en materia de seguridade e saúde laboral do persoal do Concello de Vigo (1.383-2202)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:12	Páxina 6 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAH44-C62H3F-C34624-JHXTT6-XY8JY9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de formación en materia de seguridade e saúde laboral do persoal do Concello de Vigo (1.383-2202)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 3 de decembro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo de formación teórica e teórico-práctica en materia de prevención de riscos laborais para o persoal do Concello de Vigo por parte dun Servizo de Prevención Alleo (expediente 1383/2202).

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato, elaborado polo Servizo de Contratación con data de sinatura electrónica de 29/10/2021.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas, elaborado polo Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais – Área de RRHH e Formación, con data de sinatura electrónica de 27/10/2021.

Cuarto.- Autorizar o gasto por un importe de 30.000 euros (exento de IVE) de acordo ás seguintes anualidades:

Ano 2022 (1/02/2022 a 31/12/2022): 27.500 €

Ano 2023 (1/01/2023 a 31/01/2023): 2.500 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo contemplados na aplicación 9201.227.99.00 "Asistencias Técnicas Plan Riscos Laborais" do orzamento de gastos do Concello de Vigo.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:12	Páxina 7 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAH44-C62H3F-C34624-JHXTT6-XY8JY9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de febreiro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de formación en materia de seguridade e saúde laboral do persoal do Concello de Vigo (1.383-2202) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	ASPY PREVENCIÓN, S.L.U.	81,52
2	QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U.	61,39
3	CUALTIS PREVENCIÓN, S.L.U.	59,08

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ASPY PREVENCIÓN, S.L.U. (B-98.844.574), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ASPY PREVENCIÓN, S.L.U., o día 3 de febreiro de 2022, que presenta a documentación requirida o 17 febreiro de 2022, dentro do prazo concedido, agás o certificado positivo da AEAT e o certificado ISO 45001:2018 xunto co certificado do estado de renovación que foron presentados o 18 de febreiro, unha vez rematado o prazo.

A Mesa de Contratación na sesión do 18 de febreiro de 2022 admitiu a documentación presentada en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda desta documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales) e acordou conceder un prazo de tres días a ASPY PREVENCIÓN, S.L.U. para que emendase a documentación acreditativa de estar en posesión do certificado ISO 45001:2018 ou equivalente, esixido no apartado 5C do Anexo I -FEC- do PCAP.

Este acordo foi notificado ao licitador con data do 22 de febreiro de 2022. O licitador presentou nova documentación o 25 de febreiro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 4 de marzo de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:12	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AH4H44-C62H3F-C34624-JHXTT6-XY8JY9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ASPY PREVENCIÓN, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ASPY PREVENCIÓN, S.L.U., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula de data 2 de febreiro de 2022.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a ASPY PREVENCIÓN, S.L.U. (B-98.844.574) o procedemento aberto para a contratación do servizo de formación en materia de seguridade e saúde laboral do persoal do Concello de Vigo (1.383-2202) coas seguintes condicións:

- a) O importe máximo do contrato é de 30.000,00 euros (exento de IVE).*
- b) Propón as seguintes baixas proporcionais para os prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP:*
 - Formación presencial teórica (hora teoría) 19,95 %*
 - Formación presencial práctica impartida integramente polo SPA 1 formador (hora práctica) 2,04 %*
 - Formación presencial práctica se fose necesaria a presenza simultánea de*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:12	Páxina 9 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AH4H44-C62H3F-C34624-JHXTT6-XY8JY9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:12	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAH44-C62H3F-C34624-JHXTT6-XY8JY9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- dous formadores/as ou un/ha formador/a e un recurso preventivo aportado pola empresa (hora práctica dous formadores) 12,19 %
- Formación presencial práctica: Supervisión por técnico/a de prevención de riscos laborais do SPA da formación impartida por un traballador ou traballadora do concello (hora práctica supervisada) 19,95 %
 - Formación on-line (hora curso en liña/persoa): 36,44 %
 - Curso de nivel básico en prevención de riscos laborais modalidade semi-presencial de 50 h/60 h (curso básico 50/60 horas (15 horas presenciais)) 34,34 %

c) Incrementa a experiencia dos medios persoais a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F das FEC:

- Técnico 1: 15,57 anos
- Técnico 2: 15,57 anos
- Técnico 3: 15,57 anos
- Técnico 4: 15,57 anos
- Técnico 5: 15,57 anos

d) Os medios persoais a adscribir á execución do contrato teñen a seguinte formación complementaria:

- Técnico 1: 310 horas
- Técnico 2: 200 horas
- Técnico 3: 275 horas
- Técnico 4: 201 horas
- Técnico 5: 275 horas

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:50 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)